
PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O PROXECTO DO CENTRO INTEGRAL DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS SEN FOGAR DE BELVÍS

No pasado mes de febreiro, a concelleira responsable de Políticas Sociais explicaba aos medios de comunicación que o proxecto do Centro Municipal de Atención Integral ás Persoas sen Fogar aprobado polo Goberno de Compostela Aberta e que ía ser acondicionado con fondos europeos do programa ReVive-Edusi Santiago, sería substituído por un Centro Integral para a Inclusión Social, que funcionaría únicamente como centro de día e non tería aloxamento.

Segundo o relato de Mila Castro, recollido por La Voz de Galicia o 19 de febreiro de 2020 (https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2020/02/19/centro-integral-inclusion-social-sustituira-sin-hogarismo/0003_202002S19C3991.htm), “o Goberno central acepta o reenfoque do proxecto, unha posibilidade que Raxoi deberá tramitar agora. Pendente ata fai uns días de contrastar se era posible ese cambio (o investimento está vinculado a fondos europeos) a proposta de orzamentos que o goberno socialista negociou nas últimas semanas con CA mantivo a iniciativa co nome que lle dera esa formación. Pero o proxecto que se desenvolverá será outro”.

Como é coñecido, o proxecto do Centro Municipal de Atención Integral ás Persoas sen Fogar estaba vinculado á estratexia EUDIS, tiña recibido o visto bo do Ministerio de Facenda, e suporía o investimento dun millón de euros, do que 800.000 euros procedería de fondos europeos. O proxecto, que contemplaba a utilización do edificio de Belvís que acolleu o Centro de Interpretación Ambiental de Compostela-CIAC e a rehabilitación de espazos próximos, foi elaborado despois dun proceso participativo no que se implicaron administracións públicas, entidades sociais relacionadas co senfogarismo como Cáritas, FEAFES, Cruz Vermella, a Cociña Económica ou o Albergue de Xoán XXIII; entidades profesionais como a Asociación Galega pola Saúde Mental, Médicos del Mundo ou Hábitat Social; e mesmo persoas sen fogar.

Durante o proceso de elaboración do proxecto do Centro Municipal de Atención Integral ás Persoas sen Fogar constatouse que Santiago presenta un importante déficit na atención ás persoas sen fogar, porque non existe ningún centro aberto en horario nocturno máis alá do albergue de Xoán XXIII, no que as persoas só poden permanecer dez días de cada mes. Estas carencias quedaron en evidencia durante a pandemia da Covid-19 e durante o estado de alarma decretado en marzo, cando a concellería de Políticas Sociais optou por albergar a unha vintena de persoas no Seminario de Belvís. Esa experiencia, por certo, permitiulle á propia Mila Castro comprobar os beneficios do modelo housing first no que se baseaba o proxecto de Centro Municipal de Atención Integral ás Persoas sen

Fogar, beneficios que a concelleira espuxo nunha reportaxe publicada en La Voz de Galicia (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2020/05/10/vidas-salvo-coronavirus/0003_202005S10C4991.htm), co titular “Las vidas que salvó el coronavirus”, e osubtítulo “La pandemia forzó a 21 sinhogar de Santiago a recluírse en un albergue. Bien cuidados y atendidos, han renacido y ahora tendrán una segunda oportunidade gracias a la covid-19”

O pasado 21 de setembro, a concelleira de Políticas Sociais respondeu por escrito a unha pregunta formulada polo grupo municipal de Compostela Aberta sobre o destino desas 21 persoas que estiveron albergadas no Seminario de Belvís durante o estado de alarma. Segundo explicou Mila Castro, sete persoas estaban en pisos municipais cedidos a entidades sociais, tres en vivendas privadas alugadas por Cáritas, dúas foran recolocadas nun apartahotel, unha persoa compartía unha vivenda particular, catro estaban fóra do termo municipal de Santiago, e outras catro abandonaran voluntariamente a localización proporcionada polo departamento de servizos sociais. Engadía a concelleira que, nesa data, eran unha media de 7 persoas as que durmían na rúa en Compostela. En decembro, outras entidades falaban de entre 15 e 20 persoas durmindo na rúa cada noite, e o certo é que nas últimas semanas na dársena de Xoán XXIII volveron aparecer os colchóns e as tendas de campaña.

Por todo iso, Marta Lois, portavoz municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

- En que fase está a redacción do proxecto do novo Centro Integral para a Inclusión Social anunciado pola concelleira de Política Social en febreiro?
- En que fase está a tramitación co Goberno central para a inclusión do proxecto no programa Edusi? Recibiuse xa o visto bo para o financiamento do proxecto cos fondos europeos reservados para o Centro Municipal de Atención Integral ás Persoas sen Fogar?
- Que prazos manexa o Goberno para a posta en marcha do Centro?
- En que alternativas traballa o Goberno para darlle resposta á situación das persoas sen fogar, habida conta de que segue habendo persoas durmindo na rúa en Santiago? Cantas persoas se atopan nesta situación a día de hoxe en Compostela?

Santiago de Compostela, 15 de decembro do 2020

Marta Lois González

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta

